



Concello de Guitiriz

ANUNCIO PÁXINA WEB/SEDE ELECTRÓNICA

MODIFICACIÓN PUNTUAL NAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA O POSTO DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE GUITIRIZ E NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Por decreto de Alcaldía nº 2018-0119 de data 15/02/2018 aprobouse a seguinte modificación puntual das bases da convocatoria para a selección dun arquitecto/a técnico como funcionario interino mediante o sistema de concurso oposición, aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de 25/01/2018 e publicadas integramente no BOP de Lugo de 9/02/2018.

*“Modifícase a base 3ª no referente a titulación esixida, quedando redactado da seguinte maneira: **Titulación:** Arquitecto Técnico ou superior ou título de grao equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto técnico, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.”*

*Modificación da base 4.4 “O prazo de presentación de instancias será de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación das bases no BOP de Lugo.”*

E acordouse darlle a publicidade oportuna e abrir un novo prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles que comezará a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio de modificación no BOP.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Regina Polín Rodríguez